MINI GUÍAS PRL

A PREVENCIÓN, MELLOR ENTENDIDA. E MELLOR APLICADA.

CEG

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Mini Guías de revisión e puntos de control

Esta guía práctica transforma as nove frases da campaña **Retranca na PR**L en **puntos de control verificables** da xestión da prevención de riscos laborais. A idea é ir máis alá da sensibilización e utilizar cada refrán como unha pregunta para comprobar se a prevención funciona realmente nos centros de traballo.

Como utilizar as mini guías

Para cada frase inclúense o obxectivo preventivo, as preguntas de revisión e as evidencias que convén comprobar. Pode aplicarse nunha reunión de seguimento, nunha inspección interna ou na revisión periódica do sistema preventivo.


- Cumpre: hai evidencias de que a medida está implantada e funciona.
- Cumpre parcialmente: existe, pero é incompleta, irregular ou non se verifica a súa eficacia.
- Non cumpre: a medida non existe ou non é efectiva.
- Non aplica: non corresponde aos riscos ou procesos da empresa, deixando constancia do motivo.

Unha resposta positiva debe apoiarse en evidencias, non só na existencia dun procedemento escrito.

Integración das mini guías no proxecto

As mini guías incorpóranse como unha ferramenta complementaria á campaña da CEC, mantendo a súa **linguaxe próxima e a retranca como recurso de sensibilización**, pero vinculando cada mensaxe a unha comprobación concreta.

As mini guías son unha **proposta práctica de autoavaliación**. Non substitúe a avaliación de riscos específica, a planificación preventiva legalmente esixible nin as comprobacións técnicas que correspondan a cada actividade.



Caer da burra

Quen abre os ollos a tempo, evita dano e arrepentimento.

Obxectivo preventivo: detectar os riscos antes de que se produza un accidente ou un dano para a saúde.

Puntos de control:

- A avaliación de riscos está actualizada e contempla todos os postos, tarefas e condicións de traballo.
- Existen inspeccións periódicas para detectar situacións perigosas, deficiencias e prácticas inseguras.
- Os incidentes e accidentes, incluídos os que non causaron lesións, analízanse para identificar as súas causas.
- As condicións de traballo e a avaliación revísanse cando se producen cambios relevantes ou aparecen indicios de que as medidas son insuficientes.
- As medidas correctoras teñen unha persoa responsable, un prazo e unha comprobación posterior da súa eficacia.

Evidencias que revisar: avaliación de riscos, rexistros de inspeccións, investigacións de accidentes e incidentes, planificación preventiva e seguimento das medidas correctoras.

Pregunta clave: estamos anticipándonos aos riscos ou só reaccionamos cando xa aconteceu algo?

Quen financia esta iniciativa?

Esta iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia, , ao abeiro das axudas en materia de prevención de riscos laborais segundo a Lei 31/1995.

CEG
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

cec
CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA

Co financiamento de:
XUNTA
DE GALICIA

A TÚA VOZ CONTA

Falamos? Manda ti primeiro, que nós escoitamos.

cec.es

prevencion@cec.es

981 558 456